


# O tesouro da Lagoa de Reid'Is



PREMIO MERLÍN DE LITERATURA INFANTIL 2006

Título:  
Autor:  
Ilustrador:  
Editorial:  
Colección:  
Nº páxinas:  
ISBN:  
Idade:

O tesouro da Lagoa de Reid'Is  
Agustín Agra  
Andrés Meixide  
Xerais  
Merlín  
84  
978-84-9782-481-1  
De 11 anos en diante

XERAI



## o autor

### **Agustín Agra (Noia, 1966)**

É profesor de Bioloxía. Colabora nas revistas *Casa da Gramática* e *Alameda* de Noia, así como en publicacións da Asociación Cultural Brabantia.

Foi gañador do concurso de narracións curtas Modesto Figueiredo do Pedrón de Ouro en 2004 con «Os límites do inimaxinable» e primeiro accésit da edición de 2005 con «Na Caeira».

Esta é a súa primeira obra dirixida ao público infantil.

## o ilustrador

### **Andrés Meixide (Vigo, 1970)**

É deseñador e ilustrador. Traballa en televisión, na realización de decorados e cabeceiras de programas.

Autor de cómics como *Thom*, que foron publicados na revista *Golfiño*.

Libros ilustrados por el son *Amor dos quince anos*, *Marilyn*; *O patadón*; *Cando os animais falaban*; *Contos de encantamento I*; *O galo de Antioquía*; *Xan e Pericán*; *Tarzán de goma*; *A pedra de seixo*; *Á espreita na penumbra*; *Paco Peco Pequeneiro e o lagarteiro miop...*

## o libro


Premio Merlín 2006. O xurado sinalou como elementos máis salientables desta obra a fermosa recreación de lendas tradicionais galegas sobre un fondo de materia artúrica, a recuperación da oralidade, a creación toponímica sobre estruturas galegas, o emprego dun léxico rico e inzado de referencias literarias e mitolóxicas e, finalmente, a invención de personaxes como o Gaiteiro Manfred.

Un verán xúntase a familia na casa da praia. Aldara e Paulo comparten o tempo co avó, quen lles vai contando pouco a pouco a súa aventura na procura do tesouro de Reid'Is. É así como o avó introdúceos no mundo mítico do país, falándolle de cidades asolagadas e das sereas, da santa compañía e as bruxas, dos feiticeiros e o mal de ollo... das lendas que percorren os camiños ao longo do tempo.

É a maxia do verán, o tempo sen medida e as conversas sen présa. A infancia amalgámase coa xeración dos avós, que lle transmite a fantasía.


No medio do relato visítanos Man, o alemán de Camelle, amosándonos diferentes esculturas e círculos nas rochas.

# temas e valores



## As relacións familiares

Avós e netos, curmáns que por primeira vez se atopan...




## Un mundo mítico

de urcos e bruxas, de santa compañía e toda unha chea de seres fantásticos.



## Os tesouros e a súa busca

Un tema, presente desde sempre, que percorre as historias de mouras e piratas.



## As cidades asolagadas

Aquelas que poden adiviñarse determinados días a través das augas, escoitando os ecos das súas campás... Torres baixo as lagoas.



## Os medos infantís

É difícil imaxinar unha infancia sen medos. Medrar pode ser facerlles fronte e superalos.

# actividades

\* As actividades que se propoñen, a continuación, están pensadas para que o profesorado elixa aquelas que poidan resultar máis adecuadas para o seu alumnado ou para a dinámica do grupo.

## Antes da lectura

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Observando as capas imaxinaremos de que pode tratar e o que imos atopar nel.
- Comentaremos o que nos suxire o título e a ilustración da portada.
- A lectura da contraportada axudaranos a adiantar o argumento do mesmo. Deixamos que vaian xurdindo os coñecementos previos acerca deste tema, falamos doutros libros que tamén o traten.
- Identificamos o autor e comentamos o que saibamos acerca del. Cómpre axudármonos da lectura da lapela na que aparecen os seus datos.
- Buscamos todos os libros do ilustrador que teñamos na biblioteca escolar e realizamos unha exposición.
- Realizamos unha busca na rede por se atopamos algo diferente co que completar a biobibliografía de cada un dos creadores.
- Podemos falar da colección, doutros títulos que coñezamos e da opinión que nos mereceron.
- Comentamos a dedicatoria. Unha vez lida a novela pensamos a quen lla dedicaríamos nós e con que palabras.
- Realizamos un punto de lectura co que marcar onde estamos lendo. Teremos presente que este deberá ter relación coa historia.
- Documentámonos acerca doutros libros que recibiran o premio Merlín. Comentamos aqueles que teñamos lido ou realizamos presentacións dos mesmos.

## Ao longo da lectura

- Identificamos quen nos conta a historia.
- Tesouros das mouras, tesouros dos piratas... Que outras historias de tesouros coñecemos? Cales lembramos para poder narrar?
- Buscamos recursos literarios no texto.
- Debuxemos a imaxe gardada no máximo do que para nós é un tesouro.
- Recompilemos os topónimos e observémoslos. Todos eles teñen unha sonoridade e un significado especial: Viladomar de Cabodomundo, Cidadepedra, Gran Duna, Praia de Mardefora, Mar de Cabodomundo, País de Alénmar, Cidade da Eterna Primavera, Mar das Tempestades, Mar da Desolación, Illas do Alén,

# actividades

Grande Océano, Mundo Subterráneo, Vilamurcha... Intenta colocarlle un nome real a cada un deses topónimos.

- Creade outros topónimos segundo este modelo e inventádelles unha historia.
- Na novela van aparecendo seres míticos coma os urcos, as bruxas, a Compañía... Realiza unha enumeración con todos eles e, a continuación, distribuídevos en equipos para traballar sobre aqueles seres míticos que elixades. Podedes utilizar o *Dicionario dos seres míticos glaegos* de Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoan Cuba.
- Enumeremos e describamos a cada un dos personaxes.
- Localicemos no texto a descrición dos urcos.
- Arredor das cidades asolagadas sempre se contaron lendas. Busquemos algunha nas páxinas de *Galicia encantada* ou noutras historias coma *O galo de Antioquía*...
- Localicemos cadros de Urbano Lugrís para seguir soñando. Nesta ocasión as nosas procuras centraranse no fondo do mar.
- Di Aldara que só hai monstros nos contos e na tele. Existen na túa imaxinación? Explicáte.
- O avó ben se ve que é un contador de historias. A quen coñeces así? A quen llas escoitas contar ti?
- Os avós bailan pola noite... Cales son os teus bailes? Que música é a que máis che gusta?
- Despois de ler cada un dos capítulos podemos poñerlle un título axeitado.
- Podemos resumir cada capítulo contándonolo os uns aos outros.
- Na páxina 15 dísenos que había cinco estacións, cal sería o nome da que desapareceu?
- Realicemos unha investigación sobre os curtidos de peles e a utilización destas.
- Busquemos os datos e contestemos ás seguintes preguntas:
  - Que árbores e prantas se citan no texto?
  - Que animais son os que se nomean?
  - Con que remedios tentaran sandar ao bisavó?
  - Que é un aollador?
  - Como se fai a figa?
  - Que é o asombramento?
  - Que será un tardo?
  - Que é un coído?
  - Por que tanto Virxinia Lobo como Manfred se dirixen a Aldara?
  - Cando coincide o solsticio de verán?
- O avó chámalles «Merlín e familia» aos merlos. Esta cita lémbra-nos o libro de Álvaro Cunqueiro. Alguén debería informarse do argumento desta novela.
- Posteriormente, chámalles «feros corvos do Xallas» e seica lles recita un poema; cal pode ser?

# actividades

- Os curandeiros e meigos brancos fronte á maxia negra e os seres escuros. Escribamos un relato tendo en conta esta oposición permanente no mundo fantástico. ¿Só nel?
- Indaguemos sobre o mal de ollo ou mal de envexa.
- A emigración, ir facer cartos fóra para poder volver e erguer algunha empresa... Vexamos se isto ten sucedido na nosa contorna.
- No texto aparecen referencias da nosa cultura coma o verso de Pondal ou a novela de Cunqueiro, a música de Milladoiro... Busquemos algunha máis e falemos de todas elas.
- A capital do Antigo Reino sufriu unha enxurrada que a deixou baixo as augas, aínda despois de retirárense as ondas. Todos morreron agás a princesa Viviana que ficou convertida en serea. Escribamos a historia doutra serea ou tamén podemos animarnos a contar a do sereo que fica no alto dunha columna en pleno centro de Vigo.
- Os pequenos fan excursións co avó visitando castros e mámoas. Expliquemos o que son e de que época. Falemos dos que coñecemos e acheguemos algunha foto.
- Busquemos a lenda da trabe de ouro e a trabe de alquitrán para poder lela.
- Na Casa do Vento vive o Gaiteiro que toca muiñeiras de auga cando anda tristeiro, ese home que chegara do norte fuxindo do ritmo aloucado das cidades é Manfred, Man como o coñeceron dende sempre os veciños de Camelle (lugar no que vivía ata que a marea negra do Prestige deu cabo del). Tentade investigar a historia dese home e o seu museo.
- O avó cóntalle a Paulo a novela que está a ler. Quen adiviña de cal se trata? Se non hai quen atine, damos unha pista (é de Xosé Luís Méndez Ferrín).
- Os corvos son os cabaleiros do rei, desaparecido hai mil anos pero que un día ha volver. Outra historia para ser comentada e recreada.
- O avó déixalle sempre a historia a medias, coma unha Sherezade á que deben continuar escoitando. Que alguén conte a desta famosa personaxe.
- Na casa dos avós todos len nalgún momento. Demostrémolo.
- Os medos nocturnos de Koke e a maneira na que Paulo e Aldara lle axudan a liberarse deles, pode levarnos a lembrar os que tivemos nós de pequenos e a forma na que os superamos.
- Animémonos a crear os nosos propios conxuros tal e como fai Aldara.
- O tesouro era a Princesa do Lago, tocala sandaría ao pai. Aí está a solución do enigma. Busquemos outros enigmas famosos.
- Escribímoslle pés de foto ás ilustracións.
- Observámolas ben e escollemos aquela que máis nos guste. Argumentamos a nosa elección. A partir desa imaxe escribimos un conto diferente.
- Seleccionamos aqueles fragmentos que nos chamaron a atención para poder compartilos cos compañeiros e compañeiras.

# actividades

- Eliximos o personaxe co que máis nos identificamos e explicamos a razón.
- Contamos algunha anécdota, conto ou sucedido, que teña relación con algo que se relata no texto.
- Contamos esta historia ao noso xeito.
- Lembremos algún conto de sereas.

## Despois da lectura

- Inventámoslle outro título.
- Realizamos unha posta en común na que achegamos a nosa opinión sobre o libro, o que máis nos agradou, etc.
- Se a obra nos gustou, escribiremos un texto recomendando a súa lectura que poderemos colgar no taboleiro ou publicalo na revista do centro.
- Podemos presentarlle o conto a outros compañeiros e compañeiras que non o lesen.
- Se tivesemos que colocarlle unha banda musical a esta historia, cal podería ser?
- Continuamos o relato alí onde o deixou o autor.
- Buscamos unha cita que nos pareza axeitada para colocar neste libro.
- Realizamos un cómic co argumento da novela.
- Buscamos outras obras que traten estes temas.
- Pensamos nunha persoa a quen lle regalaríamos este libro e escribimos a dedicatoria.
- O autor é profesor de Ciencias, igual que outros como Ramón Caride, Marilar Aleixandre ou Xosé Miranda. Mentres un grupo trata de localizar outros autores con estas características, outros poden especializarse nas obras dos creadores citados.



**Pedidos a:**

**Comercial Grupo Anaya  
Polígono de Bergondo  
1ª Travesía - Parcela B1  
15.165 Bergondo (A Coruña)  
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

**XERAIS**

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo  
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo  
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80  
Telefax: (986) 20 13 66  
Correo electrónico: xerais@xerais.es  
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2007  
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2007  
Depósito legal: VG. 52-2007